

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020**

**CENTRO: CEIP CEDEIRA
CURSO: 1º
MATERIA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS
DATA: Maio do 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindible		
BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Mínimo esixible
B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a valorando positivamente as súas características físicas e calidades, expresándoa mediante a linguaxe oral e representacións.	VSCB1.1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade. VSCB1.1.2. Expresa oralmente a súa autodescrición. VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.	Amosa unha imaxe positiva de sí mesmo. Expresa oralmente algunha característica física propia. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas calidades persoais.
B1.2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	VSCB1.2.2. Describe oralmente os signos físicos que acompañan as diferentes emocións. VSCB1.2.3. Dramatiza diferentes estados de ánimo.	Identifica os signos físicos das emocións. Dramatiza algún estado de ánimo
B1.3. Autorregular as condutas cotiás e adquirir algunha estratexia de control dos impulsos.	VSCB1.3.1. Participa na práctica de técnicas de relaxación. VSCB1.3.2. Emprega algunhas estratexias que lle axudan a sentirse mellor.	Participa nas técnicas de relaxación. Emprega estratexias para sentirse mellor.
B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	VSCB1.4.1. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.	Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas.
BLOQUE 2. A COMPRESIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS		
B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.1. Imita e reproduce expresións, sentimentos e estados de ánimo coordinando a expresión verbal coa facial e corporal.	Imita expresións e estados de ánimo.

	<p>VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas.</p> <p>VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.</p>	<p>Responde preguntas relacionadas con vivencias propias.</p> <p>VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade.</p>
<p>B2.2. Aprender a comunicarse expresando de forma clara as ideas, escoitando con atención e respectando a quenda de palabra.</p>	<p>VSCB2.2.1. Expressa axeitadamente, experiencias, ideas, pensamentos e emocións en exposicións orais.</p> <p>VSCB2.2.2. Escoita, entende e dá sentido ás ideas que expoñen outras persoas durante o traballo en equipo.</p> <p>VSCB2.2.3. Conversa sobre un tema proposto e respecta a quenda de palabra.</p>	<p>Expressa emocións, pensamentos, ideas en exposicións orais.</p> <p>Escoita e respecta as ideas dos seus compañeiros</p> <p>Respecta a quenda de palabra.</p>
<p>B2.3. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.</p>	<p>VSCB2.3.1. Describe oralmente as características de diferentes persoas.</p> <p>VSCB2.3.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.</p> <p>VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.</p>	<p>Expressa as características de persoas.</p> <p>Recoñece os estados de ánimo das persoas.</p> <p>Recoñece as emocións de personaxes en soporte visual.</p>
<p>B2.4. Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas, realizar valoracións positivas das súas calidades e facer cumprimentos.</p>	<p>VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades.</p>	<p>Comprende aos compañeiros.</p>
<p>B3.1. Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda.</p>	<p>VSCB3.1.1. Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social.</p> <p>VSCB3.1.2. Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos</p>	<p>Colabora nas actividades do cole.</p> <p>Pide e presta axuda.</p>

	<p>compañeiros e compañeiras.</p> <p>VSCB3.1.3. Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.</p> <p>VSCB3.1.4. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.</p>	<p>Ten boa relación cos compañeiros.</p> <p>Amosa unha actitude aberta cara aos demais.</p>
B3.2.Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio.	VSCB3.2.1.Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade	Resolve problemas con axuda de adultos ou iguais
B3.3.Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio e realizar un uso responsable dos materiais escolares.	<p>VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas de convivencia da aula.</p> <p>VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.</p> <p>VSCB3.3.3. Fai uso adecuado do material.</p>	<p>Coñece as normas da aula.</p> <p>Recoñece se as condutas son ou non acordes ás normas de convivencia.</p> <p>Coida o material.</p>
B3.4. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	<p>VSCB3.4.1. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.</p> <p>VSCB3.4.2. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.</p>	<p>Elixo actividades por gustos e non polo seu sexo.</p> <p>Colabora en igualdade.</p>
B3.5. Valorar as normas de seguridade viaria.	VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.	Recoñece o significado dos sinais de tráfico habituais.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos</u>: observación do alumnado en canto a actitude, motivación, respecto dos compañeiros e valoración das súas aportacións durante os encontros na rede, valoración das súas aportacións ao bo desenvolvemento das videochamadas, valoración da participación en actividades propostas a nivel centro, valoración do interese por afondar no significado e a importancia que teñen diferentes datas (día do medio ambiente, da reciclaxe, da convivencia en paz, ...), así como o respecto que amosa hacia elas.</p> <p><u>Instrumentos</u>: caderno da titora (registro de seguimento, esforzo, progreso, dificultades, participación...) , ficha de seguimento do alumnado.</p>
Cualificación final	Para obter a cualificación final nesta área terase en conta a cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, así como a evolución, o grao de seguimento do curso ata o 13 de marzo, e a actitude adoptada durante este terceiro trimestre con respecto ás tarefas propostas.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades propostas deberán ir dirixidas a axudar a manter os hábitos e o proceso de aprendizaxe, polo que serán actividades que cheguen a todo o alumnado e que estén orientadas ó desenvolvemento das competencias</p> <p>Proporanse actividades en diferentes soportes, como o dixital e interactivo, propoñendo actividades de investigación sobre datas especiais, lectura de contos, visionado de curtas onde presenten aos nenos e nenas valores como a amizade, a igualdade, a solidariedade, o respecto ás diferencias, a importancia do traballo en equipo, afondando tamén na situación que estamos a vivir, facendo un estudo das súas emocións, das vivencias aprendidas no tempo de confinamento, o valor das cousas...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía será significativa e motivadora, evitando así caer na repetición e na monotonía á que pode levar o traballo individual na casa.</p> <p>Terase en conta as situacións familiares neste contexto e potenciarase a equidade para todo o alumnado, xa que non sería xusto promover un tipo de aprendizaxe donde non poida acceder todo o alumnado.</p> <p>A interacción entre alumnado e profesor será continua, pondo a disposición das familias e do alumnado o contacto telefónico da titora para calquer aclaración ou dúbida, un correo electrónico que serve para comunicarnos e como vía de entrega e corrección das tarefas propostas, promovendo unha aprendizaxe cunha retroalimentación, que dará significado a esta situación.</p> <p>Ademáis como elemento motivador e espazo de unión entre o alumnado, creouse un blog donde se proporán as tarefas semanais e servirá como mural donde o alumnado poderá ver os seus traballos e os dos seus compañeiros, sempre co permiso das familias.</p> <p>O seguimento titorial e o apoio emocional ó alumnado e as súas familias son de gran relevancia neste contexto.</p>
Materiais e recursos	<p>Empregaranse materiais e recursos en liña postos a disposición do profesorado para estes momentos excepciónais, medios audiovisuais, material impreso.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O contacto da titora coas familias e o alumnado é por varias vías , ben a través do teléfono, donde as familias e alumnado o empregan en caso de dúbida ou aclaración, no momento que o precisen, vía whatsapp (xa que é o método que algunhas familias solicitan por distintas causas), co correo electrónico, dende abalar e nas videoconferencias.</p> <p>Desta maneira preténdese recibir e dar información sobre a evolución e o traballo dos nenos e das nenas nestes meses.</p>
Publicidade	<p>A programación está publicada na páxina web do centro.</p> <p>En canto á publicidade das propostas a nivel centro, durante este tempo, tamén se atopan na páxina web, nos espazos creados durante este periodo “os noso alumnos teñen moito que dicir”, iniciativas polo Día do libro ou iniciativas creativas.</p> <p>En canto as tarefas en relación ao alumnado de 1º, hai unha ligazón na páxina web do centro, donde dende o apartado de 1º acceden directamente ao blog.</p>